



---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICAN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE TÉCNICO EN EMERXENCIAS SANITARIAS, TÉCNICO EN COCIÑA E GASTRONOMÍA, TÉCNICO DE MECANIZADO, TÉCNICO EN PANADERÍA, REPOSTARÍA E CONFEITARÍA.

---

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 8 de outubro de 2009, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico de mecanizado, técnico en panadería, repostaría e confeitaría.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que se suprima no penúltimo parágrafo do preámbulo a expresión que vai dende: **“e suprimese, así mesmo, o módulo de Cociña galega de vangarda...”**; ata o final.
2. Propón que se suprima no Anexo II o seguinte:
  - a. Supresión do punto 1 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Elimínase da exposición de motivos o parágrafo “Créase como propio de Galicia o módulo de síntese, que ten como finalidade a integración dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordasen no resto dos módulos profesionais.”**.
  - b. No punto 2. Supresión de: **“e MPG001. Cociña galega de vangarda”**.
  - c. O punto 4 redactarase así: **“Elimínase do punto 1.11 “Módulo profesional: síntese de cociña e gastronomía”**.
  - d. No punto 5. Supresión de: **“MPG001. Cociña galega de vangarda e”**.
  - e. Supresión do punto 9 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Modifícase no anexo VI A) a duración total do módulo “MP0048. Produtos culinarios” que pasa a ser de 350 horas”**.
  - f. Supresión do punto 11 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Modifícase do anexo I a totalidade do punto 1.5 titulado “Módulo profesional: produtos culinarios” de acordo coa seguinte redacción: Código: MP0048. Duración: 350 horas”**.



3. O Consello Escolar propón tamén que se inclúa un novo punto en cada un dos anexos que contempla o decreto, coa numeración que lle corresponda en cada caso, e co seguinte texto:

*“Modifícase o artigo 11.- Espazos e equipamentos, que queda redactado como segue:*

*1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II deste decreto.*

*2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.*

*3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.*

*4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.*

*5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.*

*6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que esixan as máquinas en funcionamento.”*

4. Así mesmo, propón que se inclúa un novo punto en cada un dos anexos II, III e IV, no lugar que lle corresponda, e co seguinte texto:

*“Elimínase a disposición transitoria primeira e segunda por unha disposición transitoria, co seguinte texto:*

*Única. Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

*A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas ás que fai referencia no artigo 1º.2 entenderase referida ás ensinanzas reguladas no presente decreto.”*



5. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa para que, con relación aos espazos mínimos, poidan levarse a cabo desdobres nos módulos de maior risco e nos que se necesite atención personalizada.
  
6. Por último, o Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que potencie a formación permanente do profesorado que imparte docencia nos títulos de formación profesional, así como a formación en TIC e linguas estranxeiras.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.  
O Vicepresidente

Asdo.: Fernando del Pozo Andrés

